



CONSIDERACIONES

1

PANORAMA
ECONÓMICO

1.- Nun contexto internacional de crise xeralizada, Galicia presenta en 2008 unha rápida desaceleración no seu ritmo de crecemento económico. Se en 2007 a economía galega medrara de media un 4%, no ano 2008 esta taxa media de variación interanual foi do 1,8%. Con todo, cómpre destacar que esta evolución foi mellor que a rexistrada no conxunto do Estado, cunha medra de 1,2%.

A crise financeira internacional e as súas consecuencias sobre o crédito levaron a unha quebra na confianza dos mercados e unha contracción

importante do consumo, ás que hai que engadir as dificultades do mercado inmobiliario. Por iso, o CES considera preocupante a perda de dinamismo da economía e o seu rápido traslado ao mercado laboral. No último ano o mercado de traballo galego presenta non só un elevado incremento do desemprego, senón tamén unha forte minoración na medra da ocupación. Asemade, prodúcese un preocupante incremento do número de empresas que se acollen a un procedemento concursal, así como dos expedientes de regulación de emprego.

A evolución trimestral do PIB amosa que a ralentización económica vaise agravando a medida que avanza o ano. En termos interanuais, a economía galega

medrou no derradeiro trimestre de 2008 tan só un 0,4%. Asemade, cómpre salientar que Galicia pechou o ano ás portas dunha recesión, cunha taxa de variación intertrimestral de -0,2%.

2.- Dende o punto de vista da oferta, todos os sectores, agás os servizos, presentan unha caída da súa actividade produtiva. Os sectores cun maior impacto da crise foron o enerxético e o industrial, con caídas do 2,1% e 1,6%, respectivamente. Con todo, cómpre salientar a forte contracción do sector industrial (sen enerxía), cun descenso do 8% no derradeiro trimestre do ano, seguida pola construción e o sector primario, con caídas do 3,9%.

3.- Polo lado da demanda, tanto en Galicia como en España, a demanda interna deixa de ser o motor de crecemento da economía. Na comunidade autónoma galega, esta minorou a súa contribución ao PIB agregado en 4,5 puntos respecto ao estimado no ano anterior, situándose en tan só oito décimas. Entre o seus compoñentes destaca a contención do gasto en consumo final, así como a acusada ralentización do investimento.

Por contra, a achega do sector exterior é de un punto, presentando valores positivos ao longo de todo o ano. En 2008, as exportacións descendieron un 0,5%, en tanto que as importacións de bens e servizos o fixeron nun 1,6%.

4.- Por mor do incremento dos prezos dos combustibles e dos alimentos sen elaborar, a economía galega presentou en xullo de 2008 a taxa de variación inte-

ranual do IPC máis elevada dende a implantación do euro, cun 5,6%. A partir dese momento, rexistrouse un rápido descenso do IPC, que se situou en decembro nun 1,2%.

5.- No ano 2008 a participación dos asalariados na renda situouse no 44,5%, dúas décimas menos que a media do ano anterior. En 2007, o 83,3% dos traballadores repartíase o 44,7% da renda, mentres que en 2008 o 44,5% da renda se distribúe entre o 81,6% dos asalariados. Por contra, a participación do excedente bruto de explotación /renda mixta bruta medrase dous puntos no último ano, para situarse no 46,5% .

6.- Tendo en conta tanto o maior crecemento económico respecto á media española e europea, así como a perda continuada do seu peso relativo poboacional, Galicia presenta nos últimos anos un proceso de converxencia coa media estatal e europea.

En 2008, o PIB per capita de Galicia representa o 85,8% da media española, punto e medio máis que no ano anterior. En relación á media europea, as estatísticas de Eurostat amosan que o PIB por habitante supón en 2006 (último dato dispoñible) o 86,5% da media comunitaria 3,2 puntos máis que no ano anterior.

Este proceso de converxencia tamén se produce no caso da Renda familiar bruta en poder de compra, dado que no ano 2008 esta sitúase en Galicia no 97,8% da media española, máis de nove puntos por riba do estimado para o ano 2000. Este forte diferencial entre o peso relativo do PIB e da Renda familiar

bruta explícase pola existencia dun volume de transferencias de fondos ás familias.

7.- O CES destaca a firma do Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-11, asinado pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Unión Xeral de Traballadores de Galicia e o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia. □

2

EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

8.- O CES considera preocupantes os datos que mostra o mercado de traballo galego no ano 2008, caracterizados por un elevado aumento do desemprego unido á ralentización tanto do crecemento do número das persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social, como da poboación ocupada.

A forte ralentización do crecemento do número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social é especialmente significativo nos catro últimos meses do ano 2008,

onde as taxas de variación interanual son negativas, acadando o maior descenso no mes de decembro con 31.000 persoas menos en alta laboral afiliadas á Seguridade Social que no mesmo mes do ano anterior. A ralentización no crecemento afecta tamén á poboación

ción ocupada, acadando, como no caso anterior, cifras negativas no cuarto trimestre do ano 2008.

9.- Ao longo do ano 2008 agudízase o deterioro das taxas de ocupación e de desemprego iniciado no segundo semestre do ano 2007, así neste ano mantense practicamente constante a taxa de ocupación mentres que a taxa de paro se incrementa en máis dun punto porcentual no conxunto do ano.

O comportamento do mercado de traballo no ano 2008 está, en parte, explicado polo maior efecto da crise económica sobre sectores historicamente moi masculinizados, que revirte nun descenso da ocupación dos homes e nun incremento da ocupación feminina; ocupación esta última que en términos netos é na súa totalidade a tempo parcial.

10.- Para o conxunto do ano 2008, a taxa de variación interanual da poboación ocupada en Galicia foi do 0,6%, fronte á taxa da variación interanual da poboación ocupada no conxunto do Estado español que se situou no -0,5%. Tanto a nivel estatal como galego, as taxas de variación positivas da ocupación feminina compensan, en parte, a redución do emprego masculino.

11.- En relación ao comportamento da ocupación por sectores, hai que salientar a existencia de taxas de variación interanual da ocupación negativas no sector primario, na industria e na construción, fronte ao sector servizos que presenta un 4,2% máis de ocupación de media no ano 2008 en relación ao ano anterior.

A desaceleración económica afecta en maior medida á construción, con taxas de crecemento da poboación ocupada negativas en tres dos catro trimestres do ano, acadando no cuarto trimestre do ano unha taxa negativa de crecemento da poboación ocupada interanual do 19,9%.

A evolución da ocupación no sector da construción en Galicia é moi similar á evolución do citado sector no conxunto de España, o que non sucede co sector primario e industrial onde a redución da ocupación é menos acusada en Galicia, así como no sector servizos onde o incremento da poboación ocupada é máis significativo en Galicia que en España, acadando en Galicia no cuarto trimestre do ano 2008 taxas de crecemento do 6,3% fronte as taxas do conxunto do estado que no mesmo período foron do 1,7%.

Mención aparte merece o sector primario no que continúa no ano 2008 o forte proceso tendencial de destrución de emprego.

12.- O CES entende necesario subliñar o diferente efecto da crise económica sobre a ocupación da poboación española e estranxeira. Ao igual que no conxunto do Estado, o ano 2008 presenta un descenso do número de ocupados españois e unha medra da ocupación entre os traballadores de nacionalidade estranxeira. O incremento experimentado pola poboación ocupada en Galicia ao longo do ano 2008, 6.800 persoas ocupadas máis, é consecuencia dunha caída próxima a 2.000 persoas de nacionalidade española e un incremento de 8.900 traballadores estranxeiros non pertencentes á UE-27.

13.- No ano 2008 continúa a tendencia de redución da taxa de temporalidade situándose no 30,6%, coa particularidade que neste ano este descenso só se produce no sector privado, mentres que o sector público incrementa a súa taxa de temporalidade en 2,6 puntos porcentuais.

Nembargante, o CES entende necesario salientar que a redución da taxa de temporalidade no emprego non ten carácter positivo cando, coma neste caso, é consecuencia, en grande medida, da non renovación de contratos temporais e polo tanto, da destrución de emprego.

14.- O ano 2008 é o primeiro no que se observa un descenso dos contratos rexistrados, tanto nos de duración indefinida como nos temporais, acadando este descenso un 8,1% respecto do ano precedente.

Neste senso, redúcense a contratación indefinida, nos tres tipos de contratos (indefinido ordinario, indefinido de fomento do emprego e indefinido minusválidos) de forma similar para homes como para mulleres, así como os contratos convertidos en indefinidos.

A contratación temporal tamén presenta unha caída xeneralizada, de case sesenta mil contratos, dos que o 65% pertencían a homes.

Dos 65.686 contratos de traballo menos existentes no ano 2008 en Galicia, sen ter en conta o sector primario onde a contratación aumentou, o 53,8% da redución prodúcese no sector servizos, o 26,6% na construción e o 19,6% restante na industria

15.- No que atinxe ao desemprego estimado pola EPA, Galicia afronta fortes incrementos da poboación parada, aínda que presenta unha mellor evolución interanual que a media española. O número de persoas desempregadas aumenta en todos os trimestres do ano, agás no primeiro trimestre do 2008, onde a taxa interanual, diminúe un 3,7% a causa da redución da poboación parada feminina nun 20,9% en relación ao ano anterior. Esta tendencia cambia ao longo do ano acadando no cuarto trimestre unha taxa de variación interanual do 33,7%, do 55,9 no caso do varóns e do 17,5% no caso das mulleres.

O CES destaca que a taxa de paro galega se manteña en 2008 por baixo da media española. No ano 2008 a taxa de paro incrementase ata o 8,7%, sendo a media no conxunto de Estado do 11,3%.

16.- Os datos do paro rexistrado amosan tamén o impacto negativo da crise económica no mercado de traballo galego, o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego da Comunidade medrou ao longo do ano 2008 en case doce mil parados, aínda que Galicia mostra un mellor comportamento en relación á media española dado que o paro medra un 7,9%, fronte ao 24,6% de media en España. Neste senso o CES entende necesario destacar a aceleración que se produce no paro rexistrado en Galicia e en España no segundo semestre do ano 2008.

A pesar de que o volume de paro rexistrado en Galicia no ano 2008 acadou as 162.525 persoas, é importante salientar a redución da importancia rela-

tiva do desemprego rexistrado en Galicia, que supón o 6,4% dos parados rexistrados en España, porcentaxe aínda por riba dos pesos relativos do PIB (5,2%), da afiliación á Seguridade Social (5,6%) ou da poboación (6%).

A ralentización do crecemento económico influíu no feito de que o paro rexistrado medrara en todos os sectores produtivos e nas catro provincias galegas, neste senso, Pontevedra presenta os maiores incrementos tanto en termos absolutos como relativos, cunha medra do 11,6% respecto do ano anterior, 6.361 persoas máis.

Tanto no conxunto de España, como en Galicia, o sector servizos rexistra en 2008 o maior número de parados, ao acoller o 58,7% dos parados en España e o 55,3% en Galicia.

17.- O CES considera positivo o descenso do 2,8% no número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral experimentado no ano 2008 en relación ao ano anterior. Este descenso rexistrouse tanto no caso de accidentes leves como graves ou mortais, non obstante cómpre salientar que, no que respecta aos accidentes mortais, mentres que na provincia de Lugo se produce unha redución do 50% no número deste tipo de accidentes, a provincia de A Coruña rexistrou un incremento do 34,6% nos mesmos, acadando 35 accidentes mortais.

O CES entende tamén positivo o descenso en 84,4 accidentes (0,6 puntos porcentuais) no índice de incidencia de accidentes por cada 1.000 afiliados á

Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadando os 57,7 accidentes de media por cada 1.000 afiliados en Galicia fronte aos 52,2 accidentes de media no Estado español.

18- Un aspecto a destacar é a redución experimentada pola conflitividade laboral ao longo do ano 2008, que se reflicte na redución tanto do número de traballadores participantes en folgas como no número de xornadas non traballadas. A provincia de Pontevedra segue a acoller o maior número de traballadores participantes en folgas (87,4% do total de Galicia) así como de xornadas non traballadas (85,8% do total).

19- O CES considera importante destacar que, a pesar da redución no ano 2008, en relación ao ano anterior, da duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns, ata os 49,5 días, Galicia segue a ser a cuarta Comunidade Autónoma cunha duración media máis elevada.

20- O CES considera preocupante que no ano 2008 en Galicia se rexistre un incremento do 17,5% do número de expedientes de regulación de emprego e do 112,2% nos traballadores afectados por estes expedientes; a pesar de que estas taxas están por debaixo das acadadas para o conxunto do Estado (64,1% e 177,7% de incremento respectivamente), en Galicia existen 5.768 afectados no ano 2008 por medidas de suspensión, 875 por medidas de extinción e 52 por medidas de redución.

21.- Os 227 convenios colectivos asinados ou revisados no ano 2008 afectaron a 366.874 traballadores, sendo o incremento salarial medio pactado nos citados convenios do 4,28%, 2,87 puntos superior ao IPC galego, que foi do 1,2%, e 0,71 puntos superior ao incremento salarial medio pactado a nivel estatal (3,57%). □

3

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

22.- En opinión do CES, é preocupante que en 2008 se rexistrara tanto un descenso do número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como unha medra do índice de rotación empresarial. Asemade, hai que salientar que a primeira ratio é inferior á media estatal (19 sociedades por 22 de media en España) mentres que o número de empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas foi máis elevado en Galicia (19 fronte ás 16 no conxunto do Estado).

23.- As dificultades polas que atravesamos o sector produtivo galego reflíctense na contracción do VEB xerado polas actividades do sector primario, industrial e construción, así como na desaceleración no ritmo de crecemento dos servizos. Ao mesmo tempo, o CES salienta a caída do 6,2% do índi-

ce de produción industrial (medra un 3,6% no ano anterior) e a elevada caída do índice de confianza empresarial.

24.- Tendo en conta a importancia da información recollida no Anuario de Estadística Agraria, o CES considera necesario un esforzo na actualización dos datos das macromagnitudes agrarias debido ao desfase temporal existente na actualidade.

25.- O sector primario experimentou nos últimos anos unha redución importante das súas rendas por mor da caída dos prezos en orixe das materias primas e do incremento dos custos de produción.

No caso concreto do subsector lácteo, as explotacións agrarias galegas realizaron ao longo da última década un importante esforzo modernizador, o que supuxo un forte incremento do investimento, rexistrándose unha medra da produción de leite pese a continua caída do número de explotacións.

O CES quere salientar a circunstancia extremadamente grave de que no 2008, quizais por primeira vez na historia do sector, se rexistraran problemas de recollida de leite, causando importantes perdas e fortes tensións no sector, circunstancia que se agrava coa redución do prezo do produto en orixe. Se ademais disto se considera un forte incremento das importacións (como exemplo, no primeiro semestre de 2008, as importacións de leite de Francia medraron por riba do 200%, segundo os datos da Axencia Tributaria) e unha elevación dos custos de produción (fundamentalmente, gasóleo, fertilizantes e cereais para pensos)

o resultado económico destes factores foi estimado polo sector nunha diminución de ingresos por valor de 150 millóns de euros no ano 2008, levando ás explotacións galegas a unha situación moi difícil.

26.- Tras as cifras record dos niveis de produción e emprego directo rexistradas nas empresas do cluster de automoción no ano 2007, o CES destaca os malos datos do ano 2008 que presenta unha caída do 13,5% no emprego e un descenso de case o 10% respecto ao ano anterior no caso da súa facturación.

Asemade, outro indicador do mal momento para as empresas galegas do sector da automoción foi a forte caída do número de matriculacións, que supera o 28% respecto ao ano precedente.

27.- O CES salienta que a caída do VEB do sector da construción en Galicia foi máis suave que no conxunto do Estado por mor do maior peso da licitación pública.

Os datos de vivenda reflicten unha importante caída do número de vivendas iniciadas, tanto libres como protexidas, así como unha redución dos visados de dirección de obra.

28.- A pesar do incremento do valor engadido bruto xerado polo conxunto de actividades englobadas no sector servizos, cómpre salientar a caída do índice xeral de comercio minorista, do índice de ocupación e do transporte de mecadorías.

29.- No que atinxe ao sector exterior, 2008 rexistra un

novo incremento do déficit comercial galego. Este está motivado polo comportamento das relacións comerciais co resto do Estado, que presenta unha medra do seu saldo negativo, mentres que o saldo da balanza comercial con terceiros países mantén un signo positivo.

En opinión do CES, cómpre salientar o incremento do comercio co resto do Estado, así como o feito de que a caída das importacións galegas non foron máis acusadas polo comportamento dos prezos dos produtos enerxéticos. Asemade, os malos datos da produción de automóviles en Galicia influiron fortemente no descenso do valor total das exportacións galegas a terceiros países.

A pesar da importante caída das importacións e exportacións dos produtos de automoción, o CES quere destacar a importancia do capítulo 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que concentra case o 17% das importacións e o 37,2% das exportacións galegas a terceiros países. □

4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

30.- O CES considera necesario destacar o novo incremento que no ano 2008 se produciu en Galicia no número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación económica, incremento que en grande medida ven explicado pola medra do número de beneficiarios das prestacións por desemprego.

No que se refire ás pensións contributivas, o número de beneficiarios incrementábase lixeiramente (0,9% máis que no ano anterior), permanecendo Galicia no quinto lugar en canto a número de pensións,

nembargante, o diferencial entre o importe medio galego e estatal volve a incrementarse acadando no ano 2008, un diferencial negativo de 120,16 euros, manténdose Galicia no último lugar en canto a importe medio das pensións contributivas.

31.- En canto á distribución segundo réximes de afiliación á seguridade social, o réxime xeral e o réxime especial de traballadores autónomos acollen ao maior número de pensións, sendo destacable a redución que no ano 2008 sufriu o importe medio das pensións no réxime especial de traballadores autónomos, a causa fundamentalmente, da inclusión neste réxime do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios aprobado pola lei 18/2007 de 4 de xullo.

32.- O número total de beneficiarios de pensións non contributivas descendeu no ano 2008, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, polo que Galicia continúa a ser a terceira Comunidade en canto a beneficiarios deste tipo de prestacións tras Andalucía e Cataluña.

O número de beneficiarios das prestacións sociais e económicas da Lismi e das pensións asistenciais reduciuse en Galicia no ano 2008 en relación ao ano anterior, acadando porcentaxes de redución do 9,2% e do 25,9% respectivamente.

33.- Tanto as pensións contributivas como as non contributivas permanecen, salvo lixeiras modificacións xa comentadas, practicamente estables no ano 2008. A maior variación rexístrase no número de prestacións por desemprego que pasan de 84.000 beneficiarios a 31 de decembro de 2007 a 116.500 beneficiarios un ano despois.

Neste senso cómpre destacar que o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego aumentou en Galicia a un ritmo inferior ao rexistrado no conxunto do Estado; os perceptores desta prestación en Galicia aumentaron no ano 2008 un 38,8% respecto ao ano precedente, fronte ao incremento do 50,7% a nivel estatal.

34.- No que atinxe á sanidade, o CES entende necesario sinalar, unha vez máis, a necesidade dun maior control sobre o gasto farmacéutico e dunha maior redución das listas de espera. Por unha banda o gasto

en Galicia derivado da prestación farmacéutica medrou no ano 2008 un 8,4%, (13,7% de incremento no custo da prestación farmacéutica en hospitais e un 6,9% de incremento no custo farmacéutico derivado de receita médica oficial). Doutra banda, segundo os datos publicados polo Sergas, a demora media da lista de espera estrutural cirúrxica, a 31 de decembro de 2008, era de 70 días, e a demora media na programación de consultas médicas iniciais de 65 días.

35.- O CES considera positivo aínda que insuficiente o incremento rexistrado no ano 2008 no número de prazas en garderías, tanto de titularidade privada como pública.

36.- O CES considera destacable o incremento que se produce no alumnado de ensinanza primaria, 1.484 alumnos máis, dos que o 50% son alumnos que non teñen a nacionalidade española.

37.- O CES entende positiva a redución da porcentaxe de abandono educativo prematuro, que se sitúa no 22,1% e que coloca a Galicia como a cuarta Comunidade cunha menor porcentaxe; así como importante é tamén o incremento do nivel medio de formación da poboación nova, de forma que o 68% da poboación entre 20 e 24 anos no ano 2007 tiña completado polo menos, o nivel de ensino secundario 2ª etapa, ascendendo esta porcentaxe ao 78,4% no caso das mulleres.

38.- No ámbito universitario, continúa a tendencia de descenso no número de matriculados nas tres universidades galegas, especialmente na Universidade de

Vigo, onde no último curso académico matriculáronse un 8,1% menos alumnos que no curso anterior.

39.- Os indicadores de vivenda en Galicia reflicten un maior dinamismo que no conxunto do Estado, así a compravenda de vivendas rexistradas en Galicia reduciuse en torno ao 7% fronte á redución estatal do 28% e as hipotecas urbanas constituídas en Galicia no ano 2008 baixaron nun 13,7% fronte a redución a nivel estatal que se situou no 32,6%. Este menor axuste pode explicar o empeoramento da accesibilidade á vivenda en Galicia onde se incrementa en maior medida que no conxunto do Estado, a proporción de renda familiar que hai que destinar á hipoteca.

40.- O CES considera positivo o incremento que no ano 2008 se deu na produción editorial total en Galicia, un 58,5% máis que no ano anterior, así como tamén na produción editorial en galego, un 40,6% máis de títulos publicados en galego que no ano anterior. □

5

DESENVOLVEMENTO REXIONAL

41.- O CES destaca as dificultades existentes para o coñecemento e seguimento da execución das obras en materia de infraestruturas, polo que sería necesaria unha maior e máis transparente información acerca do estado real das mesmas. Neste senso, cómpre destacar a falla de información sobre execución do orzamento estatal e autonómico no momento do peche desta memoria.

42.- O investimento real (capítulo VI do orzamento) do Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2008 acadou os 652,5 millóns de euros, e os

investimentos reais presupostados no orzamento autonómico para o ano 2008 foron de 549,9 millóns de euros.

43.- O investimento real do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarril en Galicia, está dirixido, basicamente a "actuacións ferroviarias en Galicia" con case 215 millóns de euros e á firma dun convenio con ADIF para a administración das infraestruturas con obrigas recoñecidas de máis de 66 millóns de euros ademais, RENFE investiu en Galicia un total de 207,5 miles de euros en 2008, o 0,2% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas, un 66% menos que no ano anterior.

44.- A 31 de decembro de 2008, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.236,2 Km.), tan só 3,8 km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo, e 71,3 Km. do eixo Atlántico estaban en servizo pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

A pesar do devandito investimento, o CES considera importante salientar a importante demora que as obras do AVE teñen en Galicia, que no tramo dende a fronteira portuguesa ata O Porriño chega aos sete anos (a 31 de decembro de 2008 estaba pendente de licitación o estudo informativo)

45.- No que respecta ás actividades de I+D, o gasto interno nestas actividades incrementouse un 23,6% respecto ao ano anterior, o que supuxo unha redución do diferencial respecto ao total estatal existente no que ao esforzo investidor se refire, así Galicia dedicou o 1,03% do seu PIB a estas actividades (fronte ao 0,89% do ano anterior), sendo a media estatal do 1,27% do PIB (fronte ao 1,20% do ano anterior). O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado en equivalencia a xornada completa representa o 67,9% e o 96,8% da media española respectivamente. Asemade o gasto en I+D por investigador medrou un 18,5% en 2007, representando o 94,3% da media estatal

46.- O CES considera destacable o feito de que o ano 2007 supuxo unha certa aproximación aos niveis medios do conxunto do Estado en canto aos indicadores de I+D+i así como un cambio no predominio exis-

tente do investimento público sobre o privado, neste senso o gasto interno en I+D do sector privado en Galicia supuxo o 55,4% do gasto interno en I+D da Comunidade Autónoma, o que reflicte un maior dinamismo nas empresas con actividade de I+D.

47.- O CES entende positivo o incremento de 15 a 27 proxectos aprobados polo Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) no ano 2008, a pesar do que Galicia segue a ser a quinta Comunidade Autónoma con menos proxectos aprobados.

48.- O CES considera aconsellable realizar unha aposta firme polos sectores de alta e medio alta tecnoloxía, onde, a pesar da conxuntura económica, medra no ano 2008 o volume de persoas empregadas e a xeración de valor engadido bruto. ■